



O Castelo de Cerveira goza de magníficas vistas sobre as montañas e o val de Pradoalbar, a máis de contar cos restos da súa enigmática muralla. O cume está situado a 1541 metros de altitude.

## Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

## MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada practicante unha mellor elección. De calquera forma, o usuario debe saber que a Natureza é máis complexa que o que pode valorar o MIDE. Os valores van de 1 a 5 puntos.

Máis información: [www.euromide.info](http://www.euromide.info)

MIDE		PR-G 146 Ruta Castelo de Cerveira	
horario	2 h 15 min	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	356 m	1	orientación no itinerario
desnivel de baixada	356 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	7.5 km	2	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	lineal	<b>PR-G 146</b> <b>Mapas IGN 1:25.000: 227-IV.</b>	
<small>A ruta non está exenta de riscos: atención coas crianzas. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.</small>			

O coñecido como Castelo de Cerveira, e tamén coma Castro de Cerveira, está situado nun cumio illado no fondo do val de Pradoalbar e, polo tanto, pertence ao Macizo Central Ourenán.

A súa orixe non está ben definida, xa que atribúese á época castrexa, á época romana e incluso á época medieval.


A orixe máis probable é a dunha fortificación de época romana pola forma da súa construción e lonxitude da muralla. Os restos da mesma, construída por rochas de lousa, están ben conservados en algúns tramos. Dentro da muralla pódense atopar vestixios de cabanas e restos de habitáculos construídos co mesmo tipo de rocha.

O acceso a estes restos arqueolóxicos é a través deste camiño (PR-G 146) que sae da aldea de Pradoalbar cara á serra ata o Corgo de Berganzo. Logo, fóra da ruta homologada, a ascensión continúa por un carreiro moi empinado e dificultoso, non apto para tódolos camiñantes.

Actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia



XUNTA DE GALICIA



PR-G 146  
Ruta Castelo de Cerveira

Ruta homologada en 2018



Concello de Vilariño de Conso

PR-G  
146

GALICIA

Ruta Castelo de Cerveira



Ruta sinalizada





1 mapa do percorrido  
escala 1: 20.000



VILARINODECONSO.ES



Ponte Romana



Concello de Vilariño de Conso

## PR-G 146 Ruta Castelo de Cerveira



## Rexistro de Propiedade Intelectual

Esta obra está baixo unha licenza  
Recoñecemento/Atribución-Non comercial  
Non derivadas 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0)  
de Creative Commons.

Pódese copiar e distribuír recoñecendo a  
autoría da mesma. Non está autorizado o uso  
comercial nin realizar traballos derivados.

Para ver unha copia desta licenza, visite  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



<https://www.safecreative.org/work/1908271781071>